



Observatorio Local

IDEAS GLOBAIS PARA O GOBERNO LOCAL



Observatorio Local. Ideas Globales para el Gobierno Local é unha publicación especialmente dirixida ao mundo local de Observatorio de las Ideas S.L.

COORDINACIÓN EDITORIAL

Elena Costas, doutora en Economía e fundadora de KSNET

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN:

Josep Antoni Báguena
Jordi Baltà
Lluís Camprubí
Joan Frigols
Eduard Güell
Benjamín Augusto López
Lluís Medir
Luis Martín
Pol Morillas
Andreu Orte
Esther Pano
Bárbara Pons
Carles Rivera
Jordi Rosell
Paula Salinas
Elisa Stinus Bru de Sala
Mariona Tomàs
Francesc Trillas
Joan-Josep Vallbé
Ferran Vallespinós

EDITA

Observatorio de las Ideas S. L.

PRESIDENTE

Daniel Fernández

PRESIDENTE DO CONSELLO EDITORIAL

Isaías Taboas

CIF B65855868

Diputación 262 2ª 08007
Barcelona Tel. 93 494 97 20
www.observatoriodli.com
ISSN: 2339-9562
D. Legal B.10113-2014



Observatorio Local

IDEAS GLOBALES PARA EL GOBIERNO LOCAL

| IDEAS DE INTERESE |

O CUSTO POLÍTICO DAS MEDIDAS VERDES: O CASO DE ITALIA

Recensión de **Pilar Sorribas** sobre «The Political Consequences of Green Policies: Evidence from Italy».

COR POLÍTICA, XÉNERO E SERVIZOS DE EDUCACIÓN E COIDADADO INFANTIL

Recensión de **Ariane Aumaitre** sobre «Does Local Political Representation Affect the Child-care Coverage Rate in Austrian Municipalities?».

CAUSAS LOCAIS E IMPLICACIÓNS GLOBAIS DA REGULACIÓN DO USO DO SOLO

Recensión de **María Sánchez** sobre «Local Causes and Aggregate Implications of Land Use Regulation».

OS EFECTOS DE FIXAR OBXECTIVOS REXIONAIS SOBRE A XERACIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS

Recensión de **Llorenç B. Femenias** sobre «The Effects of Regional Goal Setting on Household Waste».

| LIBRO DESTACADO |

UNHA CIDADE ONDE VIDA, TRABALLO, SERVIZOS E LECER QUEDEN PERTO

Recensión de **Juan Echániz** sobre *La revolución de la proximidad. De la «ciudad-mundo» a la «ciudad de los quince minutos»*, de **Carlos Moreno**.



Estimados lectores,

Tras un número especial, adentrámonos no verán cunha nova revista do Observatorio Local coa intención, coma sempre, de ofrecer propostas e divulgar novos proxectos que poidan mellorar a nosa sociedade, especialmente no ámbito local.

Así, en primeiro lugar, traballamos nunha idea sobre o custo político que supoñen as medidas verdes, no caso de Italia, a partir dunha medida adoptada pola cidade de Milán no 2018 conforme á cal se restrinxía a circulación de vehículos máis contaminantes. Por outra banda, na segunda idea, analizamos en que medida existe, se a hai, unha relación entre a representación política e a provisión de servizos de educación e coidados infantís, para o que nos baseamos en datos de Austria. Os resultados do traballo conclúen que a taxa de cobertura pública nos municipios do país vese influída tanto pola cor política dominante coma pola maior ou menor presenza de mulleres nos órganos de goberno.

En terceiro lugar, presentamos un artigo onde se estudan as estritas regulacións do uso do solo nalgunhas cidades dos Estados Unidos e cales son os efectos disto sobre a economía do país (e como poden mitigarse). E, por último, traemos un estudo, baseado en datos do Xapón, no que se demostra que fixar obxectivos de redución alimentarios supón un cambio na cantidade de residuos domésticos.

Finalmente, o noso libro destacado do trimestre: *A revolución da proximidade*, de Carlos Moreno. O autor promove un modelo de cidade onde as necesidades básicas poidan satisfacerse de xeito local, de modo que se minimicen os desprazamentos e se fomenta unha relación entre a cidadanía e o seu contorno. É o que denomina «dereito a vivir na cidade», que desde un enfoque multidisciplinar e humanista, prioriza a proximidade, a ecoloxía e a participación cidadá.

Confiamos en que estes contidos sexan do voso interese, e aproveitamos para desexarvos un moi feliz verán.

O editor

O CUSTO POLÍTICO DAS MEDIDAS VERDES: O CASO DE ITALIA

- **Publicación:** «The Political Consequences of Green Policies: Evidence from Italy», en *American Political Science Review* (2024), 118 (1), páxs. 108-126. Dispoñible en: <https://www.cambridge.org/core/journals/american-political-science-review/article/political-consequences-of-green-policies-evidence-from-italy/4D76FEDA813739711DCB40E-C102744AF>
- **Autores:** **Italo Colantone** é profesor da Universidade Bocconi (Italia), ao igual que **Livio Di Lonardo** e **Marco Percoco**; **Yotam Margalit** é catedrático da Universidade de Tel Aviv (Israel) e do King's College de Londres (Reino Unido).
- **Síntese:** **Pilar Sorribas Navarro** é profesora da Universitat de Barcelona.

SÍNTESE DA IDEA

Este estudo analiza como repercute no sentido do voto a aplicación de políticas ecolóxicas, a partir da análise sobre a restrición da circulación dos modelos de vehículos máis contaminantes nunha zona de Milán, nunha medida adoptada no 2018. O partido populista de extrema dereita Lega Norte opúxose enerxicamente a ela, e, a partir dese momento, foi evidente que a parte da cidadanía afectada pola prohibición de circular tiña moitas máis probabilidades de votar por ese partido nas seguintes eleccións. Como conclusión: é importante valorar as consecuencias distributivas cando se deseñan políticas ecolóxicas.

A emerxencia climática é un dos principais retos que actualmente afronta a nosa sociedade. Para poder mitigar a magnitude do problema, cómpre implementar políticas públicas de protección do medio ambiente, así como aproveitar os avances tecnolóxicos dispoñibles para este fin. Porén, un dos principais desafíos que formula a aplicación de medidas verdes é o seu eventual custo político, xa que con frecuencia espertan a oposición dunha parte da sociedade. O rexeitamento inicial a estas políticas pode deberse, en primeiro lugar, ao feito de que os custos destas percíbense como inmediatos, mentres que os beneficios da súa aplicación só se materializarán a longo prazo. Outro argumento que pode explicar a reticencia social é a distribución desigual dos custos que se derivan delas. Sen dúbida, coñecer que factores provocan o seu rexeitamento pode contribuír a mellorar o seu deseño e a aumentar a súa aceptación por parte da cidadanía.

Neste sentido, o traballo de Colantone, Di Lonardo, Margalit e Percoco estuda o efecto que tivo no comportamento electoral e nas actitudes ambientais a aprobación da coñecida como Área B en Milán, en xullo do 2018. Esta política entrou en vigor en febreiro do 2019 e consistiu na creación dunha Zona de Baixas Emisións (ZBE) co propósito de mellorar a calidade do aire da cidade. En concreto, restrinxíuse o acceso de certos modelos de vehículos contaminantes nunha área que cobre o 70 % da cidade, onde reside o 97 % da poboación. A prohibición baseábase nas etiquetas ambientais dos vehículos, en función da súa antigüidade. En paralelo ás restricións de circulación, en abril do 2019 estableceuse a solicitude dun sistema de compensación económica para os propietarios dos vehículos afectados. A medida foi implementada polo alcalde do Partido Democrático, de centreesquerda, mentres que a Lega Norte, formación populista de extrema dereita, se opuxo abertamente a esta.

Para poder estudaren os efectos desta política, os autores realizaron unha enquisa a un total de 1.073 persoas propietarias de vehículos en Milán. A sondaxe, que se levou a cabo en xaneiro do 2021, incorporaba preguntas sobre o comportamento electoral e sobre as actitudes dos enquisados en relación ao medio ambiente. As respostas do grupo de persoas con vehículos afectados polas restricións (diésel-Euro4) comparáronse coas dos propietarios de vehículos relativamente similares (diésel-Euro5, gasolina-Euro4, gasolina-Euro5), pero aínda non afectados pola medida.

A idea principal era analizar o estudo do voto nas eleccións ao parlamento europeo celebradas en xuño do 2019, tras a implementación da Área B. Os resultados mostran que, de media, a probabilidade de votar a Liga, partido que, como xa se dixo, rexeitaba a medida, supuxo 13,5 puntos porcentuais por riba no colectivo de persoas que se viron afectadas pola medida.

Os autores tamén estudaron o cambio na decisión de voto que se produciu nas citadas eleccións a respecto dos comicios previamente celebrados no conxunto de Italia (2018), no ámbito rexional (2018) e no local (2016). Constataron entón que unicamente as persoas afectadas pola Área B mudaron a súa decisión de voto e pasaron a votar pola Lega. Fíxoo, de media, un 15 % dos afectados. Non obstante, o cambio de voto non foi un castigo á formación que aprobara a medida, o Partido Democrático. Quen mudaron de parecer votaran no pasado polo Movemento 5 Estrelas, Forza Italia ou Fratelli d'Italia.

Esta alteración no sentido do voto pode deberse a dous factores: Ben por un cambio nas actitudes sobre a importancia de protexer o medio ambiente, ben polos custos dunha determinada política verde que recaeron sobre un grupo específico de persoas. Segundo o estudo, a Área B non xerou un cambio nas actitudes ambientais; estas reflíctense nas respostas a unha serie de preguntas incluídas na enquisa, referentes á compra de produtos elaborados con materiais reciclados, ao acurtamento do tempo da ducha, á utilización dos electrodomésticos en modo «eco» ou á elección de botellas de auga reutilizables. Así, a análise amosa que non existe ningunha diferenza estatisticamente significativa nos comportamentos entre as persoas afectadas pola Área B e as non afectadas. En cambio, cando os autores analizaron se o efecto sobre a decisión de voto dependía de que recibisen ou non a compensación económica que se podía solicitar, constataron que o impacto só resultaba significativo para aquelas persoas que non recibiron nada. Hai que interpretar os resultados tendo presente que, para obter a compensación, os afectados debían pedila, de xeito que puido haber unha selección de persoas que se beneficiaron desta.

En conclusión, os mecanismos de compensación poden desempeñar un papel moi importante para aumentar a aceptación social das políticas de protección do medio ambiente. Estes mecanismos deben ser doados de aplicar e axeitadamente publicitados, co fin de que toda a poboación estea informada sobre as posibilidades de acollerse a eles.

COR POLÍTICA, XÉNERO E SERVIZOS DE EDUCACIÓN E COIDADADO INFANTIL

- **Publicación:** «Does Local Political Representation Affect the Childcare Coverage Rate in Austrian Municipalities?», en *Social Politics: International Studies in Gender, State & Society*, Vol. 30, n.º 4, 2023, páxs. 1162-1185. Disponible en: <https://academic.oup.com/sp/article/30/4/1162/7324772>
- **Autora:** **Carmen Walenta-Bergmann**, investigadora doutoral na Universidade Johannes Kepler de Linz (JKU, Austria).
- **Síntese:** **Ariane Aumaitre Balado**, consultora independente de políticas públicas e investigadora de doutoramento no Instituto Universitario Europeo.

SÍNTESE DA IDEA

Este artigo analiza en que medida existe, se a hai, unha relación entre a representación política local e a provisión de servizos de educación e coidados infantís en Austria. Os resultados conclúen que a taxa de cobertura pública nos municipios vese influenciada tanto pola cor política dominante nos respectivos consellos locais así como pola maior ou menor presenza de mulleres nos devanditos órganos de goberno. Como resultado xeral, vese que, con maior representación da esquerda, así como como maior número de mulleres, maior taxa de cobertura. Cabe subliñar, ademais, que cor política e xénero son dous factores que interactúan entre si...

A provisión de servizos de educación e coidados para a infancia considérase unha prioridade crucial na Unión Europea desde o Consello Europeo de Barcelona que se celebrou no 2002. No devandito cumio establecéronse unha serie de obxectivos mínimos de cobertura para os nenos que aínda non alcanzasen a idade escolar. Dúas décadas máis tarde, e a pesar dos numerosos esforzos realizados por parte dos diferentes países co propósito de mellorar as súas políticas familiares, persisten, non obstante, fendas territoriais significativas na cobertura deste tipo de servizos públicos.

A análise na que se basea esta recensión explora o caso específico de Austria, un país cuxa estrutura federal e cuxas dinámicas políticas locais explican as importantes diferenzas rexistradas nas taxas de cobertura de servizos de coidados e educación infantil entre as distintas zonas. Ao longo da última década, Austria esforzouse por poñerse ao día na materia con outros países europeos, mais os resultados desiguais entre as súas rexións e municipios continúan a ser notables. Segundo a base de datos que serve de apoio para a análise, no municipio con menos servizos de coidados e educación para a infancia a taxa é só do 0,8% entre os de 0 e 5 anos. Pola contra, nos municipios mellor colocados, o nivel de cobertura nesa mesma faixa de idade acadou o 100%.

Cabe sinalar o interese do estudo se consideramos as similitudes entre o contexto austríaco e o español. Segundo datos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes correspondentes ao curso 2021-2022, a media nacional de escolarización entre nenos e nenas de 0 a 2 anos de idade, que é do 42%, agocha diferenzas territoriais importantes: a porcentaxe oscila entre o 22% de Murcia e o 54% do País Vasco.

A investigación de Carmen Walenta-Bergmann repara en até que punto a representación política local, tendo en conta tanto o espectro ideolóxico dominante nos consellos municipais coma

cuestións de xénero, aféctalle á taxa de cobertura pública de coidado infantil nos municipios austríacos. Baseouse nun conxunto de datos lonxitudinais únicos que inclúen 1.789 localidades do país entre os anos 2003 e 2018. Tras utilizar varios modelos chamados de regresión xerárquica, os resultados amosan un claro efecto positivo tanto da participación de mulleres coma dos partidos de esquerda nos consellos locais. Un segundo achado interesante é a interacción entre ambos os factores. Así, evidénciase que as mulleres teñen un impacto significativo na proporción de nenos en coidado público infantil, aínda que isto só se manifesta claramente nun ámbito político dominado por partidos de dereitas.

O estudo formula dúas hipóteses de partida principais: A primeira, que as diferenzas na cobertura de educación e servizos de coidado infantil público en Austria se explicasen conforme o partido político que está no goberno local, e, coma segunda hipótese, que influísen nesta fenda factores de xénero, medida por variables como o xénero do alcalde ou alcaldesa, así como pola porcentaxe de mulleres no goberno local.

Os resultados da análise confirman estas hipóteses iniciais. Así, a proporción de nenos e nenas menores de 5 anos que reciben coidado infantil público é, de media, significativamente menor nos municipios cuxo consello local presenta unha proporción máis elevada de membros de partidos de dereitas. Exactamente, a cobertura de coidado infantil diminúe entre un 0,82 % e un 1,06 % cando a proporción da dereita aumenta nun 10 %. Con respecto á segunda hipótese, ligada aos factores relacionados co xénero, os resultados demostran que, canto maior é a proporción de mulleres nos gobernos municipais, maior é tamén a proporción de nenos e nenas que se benefician dos servizos de coidado infantil público. Os datos son claros: a cobertura diminúe entre un 1,16 % e un 7,16 % se a proporción de membros masculinos aumenta nun 10 %.

Como xa se avanzou, a análise revela tamén como interactúan ambos os factores entre si, pois o efecto positivo dunha maior proporción de mulleres refórzase canto maior é a proporción de membros de dereitas. De feito, parece que a presenza de mulleres no goberno municipal só ten un impacto significativo na proporción de nenos en coidado infantil público cando o consello municipal está dominado pola dereita.

En definitiva, o estudo de Walenta-Bergmann achega evidencias relevantes sobre como a cor dos gobernos locais, en interacción coa representación de xénero, pode influír na cobertura de servizos de educación e coidado infantil. Austria é un país cunha estrutura federal e dinámicas políticas públicas en materia de conciliación comparables ás de España. Os resultados subliñan a necesidade de promover unha maior inclusión de mulleres nos gobernos locais e aconsellan avaliar como a composición política dos consellos municipais pode afectarlle á implementación de políticas de coidado infantil. En conclusión, nun contexto onde as diferenzas entre territorios na cobertura de servizos de coidado infantil seguen a ser significativas, aprender da experiencia austríaca pode proporcionarnos estratexias útiles para mellorar a equidade e a eficiencia na provisión destes servizos esenciais.

CAUSAS LOCAIS E IMPLICACIÓNS GLOBAIS DA REGULACIÓN DO USO DO SOLO

- **Publicación:** «Local Causes and Aggregate Implications of Land Use Regulation», en *Journal of Urban Economics*, Vol. 138, novembro do 2023, 103605. Dispoñible en: <https://www.sciencedirect.com/science/article/abs/pii/S009411902300075X>
- **Autor:** **Andrii Parkhomenko**, profesor do Departamento de Finanzas e Empresa da Marshall School of Business de Southern California University (EUA).
- **Síntese:** **María Sánchez Vidal**, doutora en Economía e socia da consultora KSNET.

SÍNTESE DA IDEA

O artigo explora por que algunhas cidades dos Estados Unidos teñen estritas regulacións de uso do solo, cales son os seus efectos na economía do país e como poden mitigarse as consecuencias negativas mediante políticas públicas, pois unha restrición semellante pode influír na produtividade e no benestar dos cidadáns (tanto propietarios coma arrendatarios). Os experimentos cuantitativos demostran que unha regulación local excesiva reduce a produtividade agregada nunha localidade, mais que non necesariamente diminúe o benestar.

As regulacións do uso do solo son normas que limitan como se poden desenvolver as áreas urbanas. Por unha banda, inclúen elementos puramente normativos, coma as leis de zonificación ou os procedementos legais de aprobación de proxectos; por outra, tamén contemplan aspectos que non son de carácter legal, coma a oposición pública ao desenvolvemento de certos proxectos: a comunmente coñecida como o movemento «Non no meu xardín traseiro» (*Not In My Back Yard* ou NIMBY, polas súas siglas en inglés. Así pois, trátase dun cúmulo de políticas de competencia claramente local, cuxa aplicación se efectúa non sen controversia.

O autor desta investigación, Andrii Parkhomenko, estuda como e cando resultan máis restritivas estas regulacións e que consecuencias teñen as restricións nas cidades onde se aplican. Parte da base de que en grandes áreas metropolitanas, coma as de Nova York, San Francisco ou Los Angeles, onde o uso de solo está moi regulado, moita vese obrigada a vivir e a traballar non onde é máis produtiva, senón onde pode pagalo.

Para estudar o fenómeno, o autor desenvolve un modelo teórico no que os propietarios de vivendas e os arrendatarios viven en distintas cidades. Os propietarios, cuxo número é fixo, votan nas eleccións locais para determinar o nivel de regulación do uso do solo tendo en conta tres factores principais: a conxestión urbana, as externalidades por aglomeración produtiva e as rendas do solo. Como resultado deste modelo, as cidades con elevada produtividade e bens e servizos atractivos prefiren regulacións máis estritas e están dispostas a pagar altos custos para convencer o alcalde ou alcaldesa de que as mantéña. Se queren influír un candidato electoral para que prometa unha regulación estrita, os propietarios deben incorrer en custosos esforzos de *lobby*.

Porén, trátase dun modelo teórico, de xeito que, para saber se tal cousa se confirmaría na realidade, corresponde contrastalo con datos empíricos das cidades. Por esta razón, o modelo cuantifícase utilizando datos empíricos dun total de 201 áreas metropolitanas dos EUA, no período comprendido entre os anos 2005 e 2007. A información inclúe microdatos das persoas residentes nas devanditas áreas metropolitanas e tamén unha detalla descrición dos mercados laborais e de

vivenda locais durante o período analizado. Ademais, o autor recorre a datos da regulación do uso do solo en cada área metropolitana conforme ao chamado Índice de Regulación do Solo de Uso Residencial de Wharton. O resultado: o modelo teórico logra explicar aproximadamente o 40 % das diferenzas observadas no índice de Wharton e replica con éxito as relacións empíricas entre a regulación e variables como salarios, rendas e prezos do solo.

De feito, o estudo realiza varios experimentos que amosan que a redución da regulación do uso do solo fai que a economía sexa máis produtiva. Os efectos positivos máis significativos xorden ao desregular as «cidades estrela», que son grandes áreas metropolitanas coma as mencionadas, con salarios altos e elevados prezos da vivenda, así como obxecto dunha estrita regulación do uso do solo.

Unha das claves para comprender os efectos da regulación do solo urbano sobre o benestar da cidadanía pasa por distinguir entre persoas propietarias e persoas arrendatarias. Así, os beneficios de relaxar a regulación en termos de benestar agregado (sumando beneficios e perdas do conxunto da cidadanía) son moito menores ca en estudos anteriores, nos que só se tiñan en conta as persoas arrendatarias. Isto sucede porque, cando a regulación é máis laxa, os arrendatarios beneficianse de alugueiros máis baixos, pero os propietarios sofren perdas debido á caída do valor do solo.

Outro achado significativo ten que ver co efecto negativo da regulación existente sobre a produtividade e o benestar agregados: Cada goberno local elixe as normas que desexa aplicar de maneira independente, sen considerar as implicacións que as súas decisións poidan ter para o resto da economía. Como resultado, se as cidades máis produtivas teñen regulacións moi estritas, as decisións políticas locais conducen a unha mala asignación da man de obra entre as distintas cidades, e, en consecuencia, prodúcense perdas de produtividade e de benestar no cómputo global.

Como mitigar estes efectos negativos? Parkhomenko suxire dúas políticas: Xogar cos subsidios ás infraestruturas, condicionados a un determinado nivel de regulación, e un imposto sobre o valor do solo. Co primeiro, as «cidades estrela» votarían por unha regulación máis baixa para obter fondos federais. Co segundo, os propietarios estarían menos interesados en regulacións estritas, xa que entón as súas rendas do solo resultarían máis gravadas. Ambas as políticas farían que as cidades se volvesen máis accesibles economicamente e permitirían recolocar nelas un maior número de persoas traballadoras. Todo iso redundaría en importantes ganancias en produtividade e benestar, aínda que tamén podería aumentar a desigualdade salarial.

As conclusións deste estudo son relevantes para España, onde moitas cidades tamén lidan con problemas de falta de vivenda accesible economicamente e escaseza de crecemento económico por causa das estritas regulacións do uso do solo. Os alcaldes e as alcaldesas españois poderían considerar políticas que equilibrasen mellor os intereses dos propietarios e arrendatarios, ao reduciren as restricións innecesarias que limitan o desenvolvemento urbano. Implementar solucións coma as que propón o autor requiriría de coordinación entre municipios dunha mesma comunidade autónoma ou incluso entre distintas administracións. Lanza un reto complexo, mais, de acordo co modelo aquí presentado, de cara ao futuro podería beneficiar as cidades en termos de produtividade e benestar agregado.

OS EFECTOS DE FIXAR OBXECTIVOS REXIONAIS SOBRE A XERACIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS

- **Publicación:** «The Effects of Regional Goal Setting on Household Waste», en *Ecological Economics*, Vol. 215, xaneiro do 2024, 108015. Dispoñible en: <https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0921800923002781>
- **Autores:** **Yuichi Ishimura** é profesor da Facultade de Economía da Universidade de Kindai (Xapón); **Takayoshi Shinkuma** é profesor da Facultade de Economía da Universidade de Kansai (Xapón); **Kenji Takeuchi** é profesor da Escola de Graduados en Estudos Ambientais Globais/Escola de Graduados en Economía da Universidade de Kioto (Xapón); e, finalmente, **Eiji Hosoda** é profesor do Departamento de Economía da Facultade de Ciencias Políticas e Economía, da Universidade de Tokai (Xapón).
- **Síntese:** **Llorenç B. Femenias Rosselló** é investigador na firma KSNET, ademais de profesor asociado e doutorando na Facultade de Economía e Empresa da Universitat de les Illes Balears.

SÍNTESE DA IDEA

O mero feito de fixar obxectivos de redución de residuos alimentarios pode influír na cantidade de residuos domésticos que se xeran. Os resultados deste estudo no Xapón evidencian que establecer metas específicas contribuíu a que cada ano se xerasen aproximadamente 3,38 kg de residuos menos por habitante. Este descenso, ademais, supuxo unha caída dos custos económicos asociados aos refugallo alimentarios.

A fixación de metas é unha estratexia comunmente utilizada para fomentar comportamentos proambientais entre os individuos. Así, son numerosos os casos nos que as autoridades pretenden por esta vía modificar os padróns de consumo de recursos naturais e a xeración de residuos nos fogares. No entanto, a efectividade destas estratexias en ámbitos reais é aínda obxecto de debate por falta de evidencias claras e robustas. Este estudo vén cubrir ese baleiro. No seu traballo, os autores abordan a relación específica entre a fixación de obxectivos nas políticas municipais de redución de residuos alimentarios e a xeración de residuos domésticos no Xapón. Utilizan para iso un conxunto de datos único sobre a implementación de diferentes métodos econométricos, co fin de estimar cal foi o efecto real de establecer metas na definición das devanditas políticas sobre a xeración final de residuos domésticos.

Para logralo, seguen distintos pasos. En primeiro lugar, aplican un enfoque de variables instrumentais (IV) para abordar a posible endoxeneidade na fixación de metas de redución dos residuos alimentarios. Ademais, combinan este enfoque cuns modelos denominados de diferenzas en diferenzas (DID) e emparellamento por puntaxe de propensión (PSM) que persegue verificar a consistencia dos resultados obtidos. O uso destes métodos permítelles aos autores controlar que a redución efectiva da xeración de residuos sexa de verdade atribuíble á política de fixación de metas e non a outros factores.

Os resultados do estudo achegan unha evidencia sólida do impacto positivo de establecer metas de redución de residuos alimentarios para conseguir que se produzan menos residuos domésticos. Os modelos sinalan que fixar obxectivos diminúe a xeración de residuos en aproximadamente uns 3,38 kg *per capita* por ano, o que supón un aforro de 689 millóns de dólares anuais nas actividades de procesamento de residuos urbanos para o conxunto do Xapón. Este efecto é considerablemente

maior se se compara con outras políticas que intentan diminuír a produción de residuos e que non inclúen metas específicas, como poden ser a fixación de frecuencias de recollida ou os sistemas de prezos unitarios. Os achados subliñan a importancia de elixir obxectivos claros e específicos nas políticas ambientais locais en aras ao fomento de comportamentos proambientais na cidadanía.

Cabe sinalar que, para confirmar a validez interna e externa dos resultados obtidos, os investigadores aplicaron unha serie de probas adicionais. Unha delas consiste nunha análise de placebo, cuxo resultado demostra que fixar obxectivos de redución de residuos alimentarios non lle afecta de xeito significativo á xeración doutros tipos de residuos, como os materiais reciclables. Isto é relevante na medida en que suxire que a política orientada especificamente a reducir residuos alimentarios non provoca efectos secundarios (nin positivos nin negativos) na xestión doutras clases de residuos.

Outro aspecto destacable é a importancia de que o proceso de fixación e avaliación de metas sexa participativo. Incluír no devandito proceso as distintas partes interesadas —incluíndo nel cidadáns, políticos e académicos— pode aumentar a presión sobre os responsables das políticas para que traballen para acadar os obxectivos establecidos e para mellorar a efectividade das políticas ambientais. Este enfoque participativo pode ser crucial para garantir que as metas de redución de residuos sexan ambiciosas, realistas e aliñadas coas necesidades e expectativas da comunidade.

Non obstante, o artigo reconece algunhas limitacións. A que máis lles preocupa aos autores ten que ver coa dispoñibilidade e a consistencia dos datos. Aínda que o conxunto de datos utilizado é único e detallado, existen inconsistencias na súa recolección entre diferentes municipios e anos. E isto claramente podería afectarlle á precisión das estimacións, polo que apuntan á necesidade de dispoñer de conxuntos de datos máis detallados e lonxitudinais en futuras investigacións.

Estas limitacións non eclipsan, porén, as importantes implicacións que teñen os achados do estudo de cara á definición e á xestión de políticas ambientais no ámbito municipal. Cales son esas implicacións políticas e prácticas? En primeiro lugar, a conclusión de que os gobernos locais poden mellorar significativamente a xestión de residuos e contribuír aos obxectivos de desenvolvemento sustentable mediante a incorporación de metas claras e específicas nas súas políticas ambientais. Ademais, os autores sinalan que a fixación de obxectivos podería ser unha estratexia interesante tamén para outros tipos de residuos, como podería ser o caso dos plásticos, o que podería levar a unha xestión máis efectiva e sustentable a nivel municipal. Todo iso é particularmente relevante no contexto dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas e outros acordos internacionais, coma o Acordo de París e o Protocolo de Kioto, para a loita contra a emerxencia climática.

A evidencia presentada, en definitiva, que fixa metas de redución de residuos ambientais pode ser unha ferramenta poderosa para promover comportamentos proambientais entre a cidadanía e para mellorar a xestión de residuos a nivel local. Non só é efectivo para reducir a cantidade de residuos xerados, senón tamén para diminuír os custos asociados á xestión de residuos e á perda económica debida ao desperdicio de alimentos. Por último, a posibilidade de xeneralizar estes resultados a outras clases de residuos sitúa a fixación de metas como un instrumento clave á hora de aliñar a política urbana cos mencionados ODS.

UNHA CIDADE ONDE VIDA, TRABALLO, SERVIZOS E LECER QUEDEN PERTO

Carlos Moreno, *La revolución de la proximidad. De la «ciudad-mundo» a la «ciudad de los quince minutos»*, Alianza Editorial, Madrid, 2023.

Por Juan Echániz Sans

Na súa obra *La revolución de la proximidad*, Carlos Moreno propón un urbanismo que prioriza a proximidade, a ecoloxía urbana e a participación cidadá. O seu enfoque multidisciplinar e humanista, influído por figuras como Edgar Morin ou Jane Jacobs, concrétese un modelo de cidade onde as necesidades básicas poidan satisfacerse de xeito local, de modo que se minimicen os desprazamentos e se fomente unha relación entre a cidadanía e o seu ámbito. É o que Moreno denomina «dereito a vivir na cidade». O autor, que aborda os retos da urbanización acelerada tras repasar a evolución histórica das cidades, avoga pola renaturalización urbana e polo uso da tecnoloxía para mellorar a calidade de vida, así como a creación de «bens comúns urbanos» e unha democracia local máis participativa. A súa visión holística para encarar os desafíos ecolóxicos e sociais da urbanización influíron nas políticas urbanas de cidades importantes como París.

Carlos Moreno ten unha traxectoria interesante. É un humanista franco-colombiano que, como matemático e informático, forxou a súa carreira no mundo científico e tecnolóxico, no que mereceu numerosas distincións polos seus proxectos de transferencia tecnolóxica e robótica. Cabe destacar, ademais, a súa temperá dedicación aos traballos sobre a cidade intelixente e sustentable. A súa aproximación aos problemas da cidade e das novas megalópolis parte dunha convicción: A necesidade de tecer unhas novas relacións humanas baseadas no respecto, o diálogo, o intercambio, a educación e a benevolencia. Hoxe en día, Moreno é mundialmente coñecido por promover a «cidade dos 15 minutos», e as súas propostas xa foron adoptadas por cidades importantes como París. Tamén ONU-Hábitat fixo súa a recomendación da «cidade dos 15 minutos» como unha das estratexias para a mellora das cidades en clave sustentable, habitable e viable.

A «cidade dos 15 minutos» soaralles a aqueles que coñecesen a vida de barrio. Trátase dunha cidade onde as necesidades básicas poden resolverse camiñando, sen grandes desprazamentos forzados, de xeito que o cidadán, ademais de moverse de xeito sustentable, poida gañar tempo. Grazas ao acurtamento dos desprazamentos, poderá utilizar ese tempo libre —«tempo que liberar»— en socializar, no ben da comunidade ou, simplemente, en cultivarse.

Carlos Moreno expón este concepto de urbe en *La revolución de la proximidad*, onde aborda a súa visión da cidade actual e os retos que supón a escala planetaria, á vez que formula propostas para unha nova relación do home cos seus semellantes e o seu ámbito.

A visión da cidade e do fenómeno urbano en Moreno é multidisciplinar e culta, aspecto este que seguramente é o máis atractivo do libro, polo demais ameno. As súas referencias son variadas, empezando polo seu mestre e amigo Edgar Morin, filósofo e sociólogo, do que aplica a súa teoría da complexidade á cidade. Outra das influencias que marcan o seu concepto de cidade son escritores como Jorge Luis Borges, Arthur Rimbaud ou

Italo Calvino. Tamén ocupan un lugar destacado Lewis Mumford, Jane Jacobs ou Henri Lefebvre. O prólogo e o epílogo de *La revolución de la proximidad* corren a cargo de Richard Sennett e Saskia Sassen, respectivamente, o que reforza esa ollada externa ao urbanismo máis ortodoxo (que habitualmente formula propostas incompletas para solucionar os problemas actuais das cidades). Neste sentido, é unha obra agradable de ler, especialmente polo seu profundo humanismo, alén da súa interpretación da cidade e polo diagnóstico que fai dos problemas que a crecente urbanización suporá para o planeta.

Na primeira parte, Carlos Moreno fai un percorrido pola historia dos asentamentos humanos, nun intento de extraer a súa esencia, no ronsel das reflexións de Richard Sennett en *Building and Dwelling*. O itinerario abarca desde as cidades na Antigüidade até os problemas contemporáneos, caracterizados por unha acelerada urbanización da poboación mundial. O autor remarca que o «dereito á cidade» que proclamaba Henri Lefebvre debe interpretarse na actualidade como o «dereito a vivir na cidade», o que servirá para crear o marco no que desenvolve as súas propostas.

Xunto a esta idea inicial, o autor reivindica a complexidade da cidade actual: «múltiple, imperfecta, incompleta e fráxil». Esta complexidade fai que a cidade viva un cambio permanente e que nunca estea acabada. E por esta razón a aproximación ao seu goberno e á resolución dos seus problemas debe ser modesta, xa que a cidade seguirá alí, aínda que transformada, despois de calquera decisión que se tome. A cidade é fráxil porque está sometida a todas as olladas, críticas, loitas e contradicións.

A urbanización crecente do planeta

Pero, de que cidade estamos a falar? Das «cidades mundiais» (Peter Hall, 1966) e das «cidades globais» (Saskia Sassen, 1991) pasamos ás megalópoles e ás «global city regions» (Allen Scott, 2001) e ás «hiperrexións» urbanas chinesas. Alén das súas vantaxes ou aspectos positivos para o desenvolvemento da Humanidade, como a diminución da pobreza, o factor máis importante que supón a urbanización crecente do planeta é o feito de que produza externalidades e perturbacións sociais e ecolóxicas. Non só as provoca, ademais, nas propias aglomeracións centrais, senón tamén nas cidades medias e intermedias, pois as grandes aglomeracións aumentan o seu raio de influencia nun territorio cada vez máis extenso, que, de forma progresiva, vai incorporando lóxicas urbanas no seu funcionamento.

Así pois, o autor dedícalle unha gran parte do libro á exposición dos fenómenos asociados á urbanización crecente do planeta e aos problemas ambientais, con profusión de datos e exemplos que lle permiten afirmar que a civilización humana asiste a unha nova revolución —coma no seu día a Revolución Industrial e as anteriores a esta— baseada no «hipercrecemento» das cidades e nunha progresiva extensión da estrutura urbana a amplos espazos rurais. Esta revolución representa un desafío ecolóxico e climático de grandes proporcións para a Humanidade, que ademais representan un risco económico e social dunha segregación espacial sen retorno e un aumento obrigado da mobilidade.

Unha nova relación

Reconducir os efectos nocivos da urbanización salvagardando os beneficios constitúe un gran reto, mais ao mesmo tempo ofrece unha grande oportunidade para que os seres humanos se relacionen dun xeito distinto entre si e coa natureza. Dalgunha maneira, o desenvolvemento do concepto do «dereito a vivir na cidade» pode conseguir unha nova revolución, neste caso ecolóxica, ao modificar a relación humana cos catro elementos básicos (auga, lume, terra e aire). Neste contexto, Moreno menciona a necesidade de

renaturalización e revexetalización da cidade, coma á súa vez propugnan os defensores da cidade biofílica.

Para o autor, unha «nova» relación coa cidade pode dar lugar a un sentido de pertenza actualizado. E esta posta ao día do «dereito á vida na cidade» é a nova reivindicación popular que está a emerxer desde hai tempo e, máis alá da vivenda (Lefebvre), inclúe moitas outras cousas, que se resumen nun acceso digno aos servizos que garanten a calidade de vida; en concreto: Traballo, compras, sanidade, educación ou lecer. Moreno pensa que o desenvolvemento do feminismo, da tecnoloxía e da participación poden favorecer este cambio de actitude.

Unha vez esbozado o marco de traballo, o autor precisa que os obxectivos que deben conseguir as cidades sustentables son converterse en habitables, viables e equitativas. Estamos a falar, polo tanto, de ecoloxía, de economía e de desenvolvemento social. Reivindica así ao economista Muhammad Yunus, premio Nobel da Paz no 2006, e a súa teoría dos tres ceros: «Un mundo con carbono cero, pobreza cero e exclusión cero». Así, como instrumentos de diagnóstico para a acción, Moreno propón unha aproximación humanística —e non só técnica— aos problemas da cidade mediante tres ferramentas: a ecoloxía urbana (estudo dos seres vivos que habitan a cidade, as relacións que teñen entre si e co medio urbano), a mesoloxía (estudo da acción humana) e a etoloxía (estudo do comportamento humano). Estas tres ciencias teñen que permitirnos reflexionar sobre os retos das cidades e a posición do home a respecto deles desde un punto de vista holístico. O obxectivo é que o cidadán tome conciencia de onde vive, mais tamén «do mundo do que vive»: sobre o seu ámbito, as subministracións ou o impacto no planeta.

Para esta nova articulación das relacións entre os seres humanos e entre estes e a natureza, o autor valoriza os conceptos de «ben común urbano», do respecto ao outro e á diferenza. A parte máis concreta da proposta é a que o autor dedica a explicar como levar á práctica esta formulación en cidades onde se perdeu a vida de barrio e onde os desprazamentos en coche privado ou transporte público se volveron obrigados para satisfacer calquera necesidade das que considera básicas.

«A proximidade posta a proba» é o capítulo onde o autor «toma terra» un pouco no tocante ás solucións, sen que loxicamente poida dar unha receita ou solución xeral, pois estas dependerán da situación e diagnóstico de cada cidade. O autor xa advirte de que as súas propostas son máis unha folla de ruta ca unha receita universal.

A «cidade dos 15 minutos» é aquela na que as necesidades básicas se poden resolver sen grandes desprazamentos forzados. Neste sentido, non se trata de nada diferente a todo o que se foi perdendo nas nosas cidades tradicionais como consecuencia da dinámica do mercado comercial e da localización dos centros de traballo nos arrabaldes dos núcleos urbanos, mais tamén dun urbanismo pouco atento á mestura de usos e dotacións públicas escasas ou inadecuadas.

Carlos Moreno bebe para todo isto de Lewis Mumford e Jane Jacobs, quen, nun contexto diferente e época anterior —a cidade americana e a explosión do uso do automóbil—, xa alertaron sobre as tendencias que lles afectarían, en maior ou menor grao, ao resto de cidades no mundo. Tamén se inspira no movemento do New Urbanism, nos estudos sobre xeografía do tempo (Torsten Hägerstrand) ou nos traballos sobre o ritmo da cidade da escola francesa de François Ascher e Luc Gwiazdzinski. O seu humanismo tecnolóxico débelle moitísimo así mesmo a Patrick Geddes e a Élisée Reclus.

A súa teoría da «cidade dos 15 minutos» ten algo de todo isto, pero Moreno relaciónao ademais coa habilidade para conseguir un único obxectivo: minimizar desprazamentos forzados e gañar tempo para o cidadán. É importante a énfase que o autor pon no con-

cepto de «tempo que liberar», tempo libre, como resultado do acurtamento dos desprazamentos. Afórrase un tempo liñal (*cronos*) que permite dispoñer de tempo para a creación (*kairós*) e de tempo para a individualidade e a inmanencia (*aión*).

Cidade multipolar e multicéntrica

A «cidade dos 15 minutos» (cronourbanismo) debe ser multipolar —dalgún xeito debe desconectarse en diversos centros—, debe ter por obxectivo achegarlle os servizos á xente, debe de valorizar o local por riba do global, ten que recuperar os vínculos de veciñanza, será quen de xerar as condicións para compensar as imposicións de status que produce a organización do traballo e, en concreto, limitará o espazo dos vehículos privados para recuperar lugares. A cidade resultante será multicéntrica e tenderá a moldearse segundo os usos dos cidadáns, non segundo as dinámicas de mercado.

Para conseguilo, o autor lanza algunhas ideas, como, por exemplo, diversificar os usos de determinados equipamentos ou infraestruturas urbanas unifuncionais, ou reinventar espazos públicos para propiciar as relacións sociais. A partir disto, avoga pola «cronotopía», un concepto que o autor entende no seu sentido estrito (*cronos* significa tempo; *topos*, espazo ou lugar), a modo de marco espazo-temporal en relación coa cidade e os seus equipamentos e en relación coa multiplicación de usos que propón. Unha das preocupacións que expresa é a de que a cidade recobrada xere identidade e sexa respectada polos seus habitantes. Así, propugna a «topofilia», ou amor polo lugar, co obxectivo de xerar un contexto no que as súas propostas teñan éxito.

O autor considera que estes tres conceptos —o cronourbanismo, a cronotopía e a topofilia— sinalan o camiño para achegarlle a demanda do habitante á oferta, e que a «hiperproximidade» producirá novos modelos económicos e sociais que xa están, en parte, a emerxer, grazas ao teletraballo, a dixitalización e a ubicuidade. Estes novos modelos axudarán a substituír a mobilidade obrigada por unha mobilidade sustentable elixida.

Máis alá do uso polivalente do espazo urbano e os equipamentos, os aspectos máis concretos da súa proposta son a limitación do espazo para os vehículos e a redución do perímetro de determinadas partes da cidade, de xeito que se poidan desenvolver nelas as funcións urbanas esenciais: vivenda, traballo, compras, educación, saúde e lecer. En definitiva, trátase de xerar unha cidade policéntrica baseada na proximidade, a mestura, a densidade e a ubicuidade.

A «cidade dos 15 minutos» utiliza a noción de ubicuidade e a tecnoloxía para recuperar os vínculos sociais. Carlos Moreno é científico e tecnólogo, así que remarca a parte positiva da tecnoloxía orientada ao progreso en clave ecolóxica e á transformación urbana. Visto así, a cartografía dixital, a xeolocalización ou os datos en aberto deben de permitir, ao seu xuízo, mellores servizos e oportunidades para a cidade, sempre poñendo a tecnoloxía ao servizo do cidadán. De feito, Moreno considera que o obxectivo é a *civic tech*, que debuxa unha cidade fundada en ferramentas tecnolóxicas que axuden os cidadáns a recuperar o vínculo social e a inventar novos modelos democráticos. A *civic tech* será, en definitiva, unha cidade participativa a partir da tecnoloxía.

«Bens comúns urbanos»

E aquí entramos na parte máis política das súas propostas, que se basea no desenvolvemento dos «bens comúns urbanos», en liña co teorizado por Elinor Ostrom, Premio Nobel de Economía do 2009. Estes bens comúns están pensados para loitar contra as lóxicas mercantís na prestación de servizos urbanos e para defender os servizos públi-

cos, de xeito que supoñan implicación cidadá, así como a defensa da democracia a nivel local. Estas propostas foron recollidas pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, no seu programa electoral, e serviron de inspiración para moitos grupos de esquerda en Europa. Foi este o caso do partido de Ada Colau, alcaldesa de Barcelona entre os anos 2015 e 2023, pois En Comú Podem centrou unha parte das súas propostas no ideario dos bens comúns.

Toda esta formulación é aplicable ás grandes cidades, onde, como resultado das lóxicas do mercado, a experiencia de vida volveuse incómoda, xa sexa polos desprazamentos, a contaminación ou a falta de oportunidades á hora de acceder aos servizos básicos. Non queda moi claro, en cambio, como pode aplicarse en territorios ou cidades intermedias. Para o caso francés, o autor avoga por rachar co centralismo e empoderar as comunidades territoriais, especialmente os municipios. A súa idea pasa por vertebrar unha nova relación máis equilibrada e natural entre campo e cidade, por unha «alianza territorial» para a que propón os «territorios de media hora». Virían ser a adaptación da súa proposta urbana ao resto do territorio.

O interesante das propostas de Carlos Moreno é que pon o foco na necesidade dunha cidade composta por barrios que tendesen á autosuficiencia en canto a moitas das funcións urbanas que consideramos básicas e de uso diario. Non é un concepto novo, pero habitualmente esquécelles aos gobernantes e aos planificadores. A aposta do autor por facer da tecnoloxía unha aliada para conseguir este obxectivo tamén é interesante, aínda que até o momento o seu uso crease problemas novos; por exemplo, no caso das plataformas de pisos turísticos. Tampouco queda moi claro como se goberna a cidade multipolar resultante das súas propostas. Aínda que o autor avoga por darlles máis poder aos concellos e ás autoridades locais, ao mesmo tempo critica a profesionalización das elites políticas. Sólalles de algo?

